



RESOLUCIÓN ALCALDÍA

Nº de expediente 143/2025

INCIO DE CHAMAMENTO PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO PRAZAS DE PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS PARA O PROXECTO “CONTRATACIÓN PERSOAL PLAN MÁIS PROVINCIA 2025” , DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (LIÑA 3) SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

De conformidade coas Bases da convocatoria aprobada por Resolución de alcaldía nº 2025-0110 e coa aprobación da lista de candidatos por Resolución de alcaldía nº 2025-0112 segundo o resultado de selección enviado polo SPEG nº 12-2025-1181.

Vista a Acta do Tribunal Cualificador para a contratación laboral temporal de duración nove meses, de catro peóns de obras públicas, conforme ao Plan mais provincia 2025, liña 3, “contratación persoal plan mais provincia 2025”, subvencionado pola Deputación de Pontevedra de data 19/02/2025.

Finalizado o proceso selectivo para catro prazas de peóns de obras públicas, conforme ao Plan mais provincia 2025, liña 3, “contratación persoal plan mais provincia 2025”, subvencionado pola Deputación de Pontevedra, de conformidade co acordo que figura na acta do tribunal seleccionador, o tribunal acordou propor a seguinte lista:

PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS	
	TOTAL
VILABOA LAVARIÑAS PURIFICACION	7,15
CERNADAS ORGE BIENVENIDO	6,5
CASTRO LAGO MANUEL IGNACIO	6,1
OTERO ADÁN RICARDO	5,1
ARAUJO LOPEZ EULOGIO	5
RODRIGUEZ RODRIGUEZ ELOY	4,2
SOTELINO LAVANDEIRA JOSE CARLOS	4,1
GRAELLS LIEBANA AICARD	4
MIGUEZ MANDAYO MARCO ANTONIO	3
MIGUEZ MANDAYO CESAR	2

Visto o escrito de Marco Antonio Míguez Mandayo de data 21/02/2025.

De acordo coas atribucións do meu cargo que me confire a Lei 7/85 reguladora de Bases de Réxime Local,

RESOLVO :





Primeiro.- Desestimar a reclamación presentada Marco Antonio Míguez Mandayo debido a que a forma establecida para contratación axústase ao seguinte:

- As bases reguladoras do plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (liña 3) publicado no BOPPO nº1, do 2 de xaneiro de 2025.
- As Bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de catro prazas de peón de obras públicas aprobadas por Resolución da Alcaldía nº2025-0110 de data 11/02/2025.

Segundo.-Aprobar definitivamente a lista de aspirantes aprobados que se detallan:

PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS	
	TOTAL
VILABOA LAVARIÑAS PURIFICACION	7,15
CERNADAS ORGE BIENVENIDO	6,5
CASTRO LAGO MANUEL IGNACIO	6,1
OTERO ADÁN RICARDO	5,1
ARAUJO LOPEZ EULOGIO	5
RODRIGUEZ RODRIGUEZ ELOY	4,2
SOTELINO LAVANDEIRA JOSE CARLOS	4,1
GRAELLS LIEBANA AICARD	4
MIGUEZ MANDAYO MARCO ANTONIO	3
MIGUEZ MANDAYO CESAR	2

Terceiro.- Realizar o chamamento as catro primeiras persoas da lista de aspirantes aprobados, para a contratación laboral temporal de duración nove meses, de catro peóns de obras públicas, conforme ao Plan mais provincia 2025, liña 3, “contratación persoal plan mais provincia 2025”, subvencionado pola Deputación de Pontevedra:

PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS	
	TOTAL
VILABOA LAVARIÑAS PURIFICACION	7,15
CERNADAS ORGE BIENVENIDO	6,5
CASTRO LAGO MANUEL IGNACIO	6,1
OTERO ADÁN RICARDO	5,1

Cuarto.- Aprobar a lista de reserva por orde de puntuación:

ARAUJO LOPEZ EULOGIO	5
RODRIGUEZ RODRIGUEZ ELOY	4,2
SOTELINO LAVANDEIRA JOSE CARLOS	4,1





GRAELLS LIEBANA AICARD	4
MIGUEZ MANDAYO MARCO ANTONIO	3
MIGUEZ MANDAYO CESAR	2

Quinto.- Os aspirantes resultantes do chamamento dispoñen de dous días hábiles seguintes a publicación na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén), para que manifesten se están dispostos a aceptar a oferta para cubrir a vacante ou vacantes que se pretenden cubrir, respectando en todo caso o lugar se ocupe na lista de reserva.

Aqueles que figuren no chamamento e non manifesten en prazo que están dispostos a aceptar a oferta ou contesten rexeitando a oferta considerarase que renuncian.

Aquel/a ou aqueles/as dos/as integrantes da lista que, sendo chamados/as, manifesten dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior que están dispostos/as a aceptar a oferta, de acordo coa orde que figure na lista de reserva e ata o número máximo de prazas ou postos a cubrir, serán propostos para ser contratados/as como persoal laboral temporal, segundo o caso, a cuxos efectos deberán presentar a documentación que se sinala a continuación, no prazo máximo de 24 horas hábiles dende a publicación da proposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>:

—Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

—Fotocopia da cartilla da S.S.

—Número de conta bancaria cos 20 díxitos.

—Declaración responsable de non padecer padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.

A omisión ou defecto emendable nalgún dos documentos anteriores dará lugar á concesión dun prazo de 1 día hábil para a súa achega ou subsanación que se contará desde o seu requirimento efectuado pola unidade de Persoal que poderá ser ben mediante chamada telefónica ou ben mediante correo electrónico, para unha maior axilidade na súa tramitación, así mesmo tamén se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>

En ningún caso este prazo suporá ampliación do prazo procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Sexto.- Publicar dita resolución mediante a inserción da mesma no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>

Contra o presente acordo poderá interperse os seguintes recursos:

- **Potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o desta notificación.**





- **Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezaran a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.**
- **Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade..**

Pazos de Borbén,

**RESOLUCIÓN ASINADA POLO ALCALDE MEDIANTE CERTIFICADO ELECTRÓNICO, NA DATA QUE FIGURA NA MESMA SINATURA, EXTENDIDA AO MARXE DO DOCUMENTO.
DOU FE. A SECRETARIA-INTERVENTORA, MEDIANTE FIRMA DIXITAL AO MARXE.**

